

Xoves, 27 de marzo de 2007. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas.** Lugar: **Refeitorio do Museo Provincial de Lugo.** Duración aprox.: **1,30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata.** Imaxe: **Antonia Magide.** Coordina: **Antonio Reigosa**

Ilustracións: **Noemí López**

O Museo Provincial de Lugo creouse por acordo da Deputación de Lugo o 29 de febreiro de 1932 e inaugurouse oficialmente o 10 de xaneiro de 1934. O *Pazo das musas* súmase aos actos conmemorativos do 75 aniversario dedicando parte dos contidos ás persoas, coleccións e historia desta institución.

SUMARIO

Portada musical

Tema: *Cousas pequenas.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Memorias do Museo: *O Museo Provincial de Lugo na prensa entre 1936-39*, por **Fernando Arribas Arias** (8')

Música

Tema: *Dor*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Narración

Visita nocturna (I), por **Xabier P. Docampo** (7')

Música

Tema: *Manha de Carnaval.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Memorias do Museo: *A restauración de "O Xuízo Final"*, por **Lucila Yáñez** (10')

Música

Tema: *Cancionciña para Sara.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Cen anos de xornalismo galego

A Nosa Terra (I), por **Alfonso Eiré** (8')

Música

Tema: *Lela.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Cen anos de xornalismo galego

A Nosa Terra (e II), por **Alfonso Eiré** (8')

Música

Tema: *Eternamente.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Narración

Visita nocturna (II), por **Xabier P. Docampo** (7')

Exposición

Ollando historias, por **Noemí López** (10')

Música

Tema: *Adíos ríos.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

Narración

Visita nocturna (e III), por **Xabier P. Docampo** (7')

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da *Rede Museística* da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Tema: *Negra sombra.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Arribas Arias, Fernando

Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e Historiador de Cine, leva publicados diversos traballos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferenciante e investigador, actualmente prepara a súa Tese de Doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

Docampo, Xabier P.

Nacín chairego e fillo de chairegos o 5 de abril de 1946 en Rábade (Lugo). Aos meus sete meses trasladámonos a Castro de Ribeiras de Lea, de alí era miña nai —meu pai de Xermar (Cospeito)—, onde fun por primeira vez á escola. No comezo da adolescencia a familia enteira trasladouse a vivir á Coruña onde estudei o bacharelato e maxisterio, sen perder nunca o contacto coa Terra Chá a onde regresabamos en calquera oportunidade. Dei cursos a profesores e lin ponencias en congresos sobre a didáctica da lingua e a literatura, sobre a lectura e a súa implantación escolar e social, sobre a narración oral, a súa estrutura, a súa influencia na literatura escrita e a súa utilización didáctica, tanto en Galicia coma fóra. Estas actividades de reflexión sobre a narración oral, a escritura e a lectura leváronme a participar como conferenciante en eventos sobre tales temas en América en diversas ocasións. Fun actor e director de teatro. Traballei durante sete anos en Radio Nacional de España en Galicia como guionista e director de programas de diverso tipo e formato. Tamén escribín e dirixín obras para vídeo e para televisión. Fixen diferentes actividades de narración oral en distintos lugares de Galicia e de fóra, fun columnista semanal na prensa diaria e polos meus libros déronme algúns premios. Sobre pouco máis ou menos o que antecede é a miña biografía se esta se reduce a aquelas cousas que se poñen adoito nos currícula que a un lle piden a calquera hora... Iso significa deixar fóra da miña biografía todo canto de verdade fixo de min o que son... por iso quero poñer aquí unha parte pequena do que fica fóra de calquera curriculum.

Dor, Carmen

Natural de Padrón. Aparece no escenario da música en Galicia co grupo *Mugardos* no ano 1996, co que grava o disco *O sol que vai cegar*. No 2001 saca ao mercado o seu primeiro disco, *Oceánica*. E despois de cinco anos de numerosos concertos interpretando a música do seu primeiro disco, ou versionando e homenaxeando as músicas portuguesas e a *bossa nova*, publica o seu segundo traballo, *Dora Maar 74*. Neste disco apostou por unha sonoridade sensual envolta en harmonías de jazz, e converte a súa aportación nunha das máis interesantes novidades dos últimos tempos na música galega. Actualmente continúa coa súa formación lírica e prepara o seu próximo disco con textos de Rosalía de Castro.

Eiré, Alfonso

Afonso Eiré López (Laxe, Chantada, 1955), xornalista e escritor, é na actualidade Vicepresidente e Conselleiro Delegado de A Nosa Terra, logo de ocupar durante máis de 27 anos a posto de director.

Exerce de analista político na TVG, Radio Galega e Tribuna Catalana. Aos 15 anos, despois de ser expulsado do Seminario de Lugo, gaña o Premio de Narracións Breves da Caixa Provincial de Lugo, dirixe a revista Xuvenil "O Cabaceiro" e comeza a colaborar no xornal *El Progreso*. Paralelamente intégrase na loita política contra o franquismo, militando na posta en marcha das Comisións Labregas e do Sindicato Obreiro Galego. Tamén impulsa a Asociación Cultural Lumieira en Chantada e, máis tarde, a Lóstrego en Madrid, a onde se traslada a estudar xornalismo. Deixa a actividade deportiva semiprofesional e comeza a preparar o que serían os primeiros relatorios do nacionalismo galego e programas políticos nesta materia. En 1977 intégrase no proxecto de A Nosa Terra, que se recupera da Arxentina e tamén percorre toda Galiza participando en mesas redondas, charlas e conferencias, actividade que aínda mantén profusamente, así como noutras nazóns en xornadas que teñen aos medios de comunicación, sobre todo de linguas minorizadas ou nazóns sen Estado, como protagonistas, entre eles o Proxecto Europeo Mercator Media. Tamén participou na posta en marcha dunha axencia de "Comunicación dos Países non Alienados", que os avatares políticos frustraron. As súas reflexións aparecen en libros colectivos de ensaio como *Xornalistas ante a Lei*, ou *Unha semana de información na Europa*. Tamén publica *O fútbol espello da sociedade*. En narrativa destacan as súas obras *Amigos Sempre*, *Eu tamén fun coas vacas*, ou *O Coxo de Vilarelle*. Ten recibido múltiples premios e galardóns, tanto pola súa actividade como escritor, como pola súa faceta xornalística. A destacar dúas veces o Premio Galicia de Comunicación, o Xulio Camba, ou, no último, ano a Medalla Castelao, outorgada polo Goberno Galego.

López, Noemí

Leva practicamente toda a súa vida en Lugo onde se formou como deseñadora gráfica, decantándose pola ilustración. No campo do deseño gráfico traballa fundamentalmente o cartelismo, tras ter gañado algún certame (Cartaz San Froilán 94, San Froilán 98, Entroido 2000, Lugo) Paralelamente comezou a facer ilustracións para outros soportes como xornais e revistas, e pouco despois, a ilustrar libros de literatura infantil e xuvenil, así como outro tipo de libros, soportes multimedia... Está especialmente involucrada no mundo da literatura infantil e xuvenil, participando en exposicións colectivas de ilustradores, e tamén en salóns e feiras de libros, impartindo charlas e dando obradoiros e cursos sobre ilustración. Traballou como debuxante de animación despois dun período de formación e actualmente continúa con proxectos dentro deste campo.

Yáñez, Lucila

Natural de Viveiro. Debuxante, retratista, comisaria de exposicións. Licenciada en Belas Artes, especialidade de Restauración, foi directora do Museo Provincial de Lugo ata 2001 onde actualmente é Xefa do Departamento de Belas Artes. Recentemente inaugurou a exposición "Retratos menores" en Vigo.